



DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA  
R FERNÁNDEZ LADREDA Nº 43 3ª  
36003 Pontevedra (PONTEVEDRA)  
Teléfono 986805700

\*\*\*

## NOTIFICACIÓN DE TRÁMITE DE AUDIENCIA

\*\*\*

PROCEDEMENTO DE INICIO DE COMPROBACIÓN DE VALORES (art. 123 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria)

### Identificación do expediente

Imposto: Transmisións Patrimoniais e actos xurídicos documentados  
Feito imponible: Adquisición de vivenda habitual por menores de 36 anos

Data de Presentación/Xeración: 04-05-2015  
Data de Devindicación: 07-04-2015  
Núm. de Expediente: TRA/2015/36/000/  
Núm. de Documento:

Núm. de Protocolo: 360046016/1/2015/  
Notario: 35306678E PIÑEIRO PENA, MARÍA CARMEN

Suxeito Pasivo: , SANTIAGO  
Transmitente:  
Representante:

### Resolución

En relación co expediente antes identificado e polo concepto de Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, feito imponible: "Adquisición de vivenda habitual por menores de 36 anos", este órgano xestor decidiu realizar a proposta de liquidación provisional que se achega.

### Liquidación

#### BASE IMPOÑIBLE

Segundo o art. 10.1 RD Lexislativo 1/1993, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados "la base imponible está constituida por el valor real del bien transmitido o del derecho que se constituya o ceda. Únicamente serán deducibles las cargas que disminuyan el valor real de los bienes, pero no las deudas aunque estén garantizadas con prenda o hipoteca"

#### SUXEITO PASIVO

Está obrigado ao pagamento do imposto a título de contribuínte, art. 8 letra a) RD Lexislativo 1/1993, nas transmisións de bens e dereitos de toda clase, o que os adquire.

#### TIPO GRAVAMEN

A Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 14.Cinco do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, conforme ao previsto no artigo 49.1.a) da Lei 22/2009, del 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, establece que no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas o tipo de gravame aplicable as transmisións de bens inmoebles que vaian a constituir a vivenda habitual do contribuínte será do 4% sempre que éste reúna os requisitos establecidos no citado artigo 14.Cinco para os menores de 36 anos.

Conceptos	Declarados	Comprobados
Declarado/Comprobado:.....	107.000,00.....	137.085,00
Exención-Non Suxeición:.....	Non.....	Non.....
Base Imponible:.....	107.000,00.....	137.085,00
Total Reducións:.....	0,00.....	0,00
Base Liquidable:.....	107.000,00.....	137.085,00
Tipo de Gravame.....	4,00%.....	4,00%
Cota Íntegra:.....	4.280,00.....	5.483,40
Total Bonif.e Deduc.:.....	0,00.....	0,00
Cota a Ingresar:.....	4.280,00.....	5.483,40
Recarga:.....	0,00.....	0,00
Xuro Recarga:.....	0,00.....	0,00
Total Recarga (Art.27 LXT):.....	0,00.....	0,00
<hr/>		
Total a Ingresar.....	4.280,00.....	5.483,40

## Motivación da Liquidación

Co alcance e as limitacións que resultan da normativa vixente e a documentación que obra no expediente referenciado, das comprobacións realizadas xorden as diferenzas reflectidas na proposta de liquidación anterior.

### ERRO OU DIFERENZA NA BASE IMPOÑIBLE / LIQUIDABLE

En virtude da potestade conferida á Administración, por os art. 46 do RD lexislativo 1/1993 e art. 134 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, para a comprobación do valor real dos bens e dereitos transmitidos, por calquera dos medios establecidos no art. 57.1 da Lei Xeral Tributaria, a Administración optou por

- Valor asignado para a taxación dos terreos hipotecados en cumprimento do previsto na lexislación hipotecaria.

O medio empregado neste caso é o apartado g) do antedito artigo 57.1.

A estes efectos, o artigo 57 de Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, dispón como medios de comprobación:

"1. O valor das rendas, produtos, bens e demais elementos determinantes da obriga tributaria poderá ser comprobado pola Administración tributaria mediante os seguintes medios:

a) (...)

g) Valor asignado para a taxación das fincas hipotecadas en cumprimento do previsto na lexislación hipotecaria (...)"

Resulta como valor comprobado pola Administración do ben transmitido, o taxado aos efectos de subhasta das finca/s hipotecada/s na escritura pública outorgada co motivo da constitución do préstamo hipotecario sobre o inmovible/s.

Importe taxación: 137.085,00 €

Protocolo notarial préstamo hipotecario: 324/2015

Notario: María Carmen Piñeiro Pena

## Posta de manifiesto do expediente

Ó tratarse dunha proposta, antes de ditar liquidación provisional pónselle de manifiesto o expediente nesta oficina durante 10 días hábiles (non se inclúen nin os domingos nin os días festivos) a computar a partir do día seguinte ó da recepción deste trámite, co fin de que poida consultalo e alegar o que entenda conveniente, así como achegar os documentos e xustificantes ou calquera outra proba que considere oportuna para a defensa dos seus dereitos.

Se con anterioridade ó vencemento do citado prazo manifesta por escrito a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos, terase por realizado o trámite de audiencia. Se non presenta alegacións no dito prazo, entenderase que presta a súa conformidade á proposta de liquidación.

Unha vez rematado o dito prazo e estudadas as alegacións e probas achegadas, adoptarase a resolución que corresponda, que lle será oportunamente notificada.

## Xuro de Mora

Se é o caso, de conformidade co artigo 26 da Lei 58/2003 xeneral tributaria esixírase aos obrigados tributarios o xuro de mora cando finalice o prazo establecido para a presentación dunha autoliquidación ou declaración sen que tivese sido presentada ou tivese sido presentada incorrectamente.

O xuro de mora calcularase sobre o importe non ingresado en prazo e resultará esixible durante o tempo ao que se estenda o atraso do obrigado.

O xuro de mora será o aprobado cada ano na Lei de presupostos xerais do Estado e que se pode consultar nas OLDH, Delegacións e no seguinte link  
<http://www.conselleriadefacenda.org/web/portal/taboa-de-xuros-do-dineiro>

## Prescripción

Tal e como establece o artigo 68.1 a) da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, a presente proposta de liquidación, debidamente notificada, interrompe o prazo de prescripción do dereito da Administración Tributaria a practicar liquidación polo concepto e período ó que se refire a mesma.

## Modelo para efectuar alegacións

Xúntase un modelo a este documento que poderá utilizar, se así o considera conveniente, para presentar alegacións e achegar os documentos, xustificantes ou probas que estime oportunos para a defensa dos seus dereitos.

## Normativa aplicable

Lei Xeral Tributaria, aprobada pola Lei 58/2003, do 17 de decembro (en vigor desde o 01/07/2004; para vixencias anteriores Lei 230/1963, do 28 de decembro).

Texto refundido da Lei do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, aprobado mediante Real Decreto Legislativo 1/1993, do 24 de setembro.

Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado mediante Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo (entrada en vigor o 21/10/2011; con anterioridade atopábanse vixentes as normas relacionadas na disposición derogatoria única do Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo).

Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, aprobada pola Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Regulamento do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados aprobado mediante Real Decreto 828/1995, do 29 de maio.

Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Orde da consellería de economía e facenda do 17 de febreiro de 1999, pola que se establece a obriga de facer constar o valor catastral dos bens inmoables nos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Decreto 202/2012, do 18 de outubro polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

Orde da consellería de facenda do 20 de decembro de 2012, pola que se establece a organización e atribúense determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia.

Resolución da Axencia Tributaria de Galicia do 13 de xullo de 2015 pola que se constitúe unha unidade de xestión na Coruña.

## Sinatura

PONTEVEDRA, 29 de Abril de 2016  
O XEFE DO DEPARTAMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA



Asinado: MOURELO ORTUETA JOSE ANGEL

## Selo

A veracidade do contido deste documento pódese comprobar en [www.conselleriadefacenda.es](http://www.conselleriadefacenda.es) (Oficina Virtual Tributaria)

Código Seguro de Verificación:



### Modelo de alegacións

#### IDENTIFICACIÓN DO DOCUMENTO

Suxeito pasivo:

NIF:

Representante ou autorizado:

NIF:

Nº de expediente:

Lugar de presentación:

#### ALEGACIÓNS

D/Dña ..... con NIF..... como  
..... de.....con NIF..... expón que:

O día..... de ..... de..... percibin trámite de audiencia e proposta de  
liquidación provisional do Imposto.....,

Desexo efectuar as seguintes alegacións na defensa dos meus dereitos:

1.

.....  
.....  
.....

2.

.....  
.....  
.....

3.

.....  
.....  
.....

Polo tanto, e como proba disto, achégase a seguinte documentación:

En..... a..... de.....

Asinado.....